

A NOSA TERRA

IDEARIUM DA IRMANDADE DA FALA NA GALIZA E NAS COLONIAS GALEGAS D'AMÉRICA E PORTUGAL

ANO MCMXX



SUMARIO

Conferencia de Correa Calderón—Galicia en Cuba.—CAMILO DÍAZ SEANE, Copia do mensaxe que os nazonalistas galegos dirixiron aos irmaos irlandeses.—A serra, AUGUSTO D'ESAGUY, Tempo deserto.—CURROS ENRIQUEZ, Aprendamos a morrer.—Verba qu'obriga e moito, RAMÓN VILLAR PONTE.—Follas secas, A. SANTO VILA.—Vento e sol.—Curriña ENRIQUE BATÁN.—Lembranza de Lois Porteiro, o noso morto. CORREA CALDERÓN.—Fai dos anos, IGNACIO RODRIGUEZ.—Irlanda e Lord-Alcalde de Cork.—Unha carta do señor Vice-Cónsul de Portugal.—O monxe o paisarinho, J. J. NUNES.—Libros e revistas

PREZOS DE SUSCRIZÓN.—NA CRUÑA, ó mes 40 cts.; FORA, trimestre 1'50 ptas.—AMÉRICA, trimestre, 2 ptas.—Custe d'un número, 15 cts.—Pagos adiantados.

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17, baixos, CRUÑA.

Camisería, Corbatería
e Guantería

Enrique Roca

Real, 28. - A CRUÑA

NOVELTY

PLANCHADEIRO DE MODA

GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrais—A Cruña, Cantón Pequeno, 12; Vigo, Praza da Constitución, 12.

Sucursaes na Cruña.—Estreita de San Andrés, 12; Praza de Azcárraga, 4; San Agustín, 22.

Sucursal en Vigo.—Circulo núm. 5.

Todas as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, que reproduz da marca de garantía eiqui estampada.

Recíbense encargos de fora, y-espídense por meio das nosas sucursaes. Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvas manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Os viños e coñás millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xeres Fronteira, fundada en 1734. A casa mais antiga de Xerez.

O vermouh mais selecto

de mundial e reconocida sosa é o ZINZANO (Torino).

Pra viños de mesa

non hay outros com' os dos cosecheiros eisportadores señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro) Casa central: Plaza da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

JOSE C. JUNCOSA

Galera, 39 e 41-2.º piso.—A Cruña

PAULINO FREIRE

BOUZAS—VIGO

SUCURSAES: E CRUÑA - FERROL

Redes d'algodón pra Tarrafa.

Aparellos, armados e en panos, pra barcos pesqueiros.

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado.

Cables de aceiro ingleses.

Aceites mineraes e vexetaes, e surtido completo pra maquinaria e pesca.

Santa Lucía, 26 e 28. — A CRUÑA

“PATENTE-SALVAVIDAS”

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Ganou Diproma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mirambell

Vigo - Cruña.

O CAFÉ NOVO

Urzáiz II.—BAYONA.

Materiales de construcion

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS—CARBÓN

CENTRO XENRAL DE SEGUROS

Ignacio Pedregal

NA CRUÑA

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBERÍA

— DE —

RAMOS E ACEA

San Andrés, 94-1.º — A CRUÑA

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todos os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza locíos e fricíos de todas clases.

NOTA: Neste establecemento atopara o público un servizo permanente a cárgo dos seus propietarios, antigos dependetes das mais importantes peluquerías desta capital.

Fábrica mecánica de calzado

— DE —

Anxel Senra

RUA XAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

A NOSA TERRA

BOLETÍN DECENAL

AÑO IV—NÚMEROS 130-31—5 NOVIEMBRE - 1920

DIVAGACIÓS SOBOR DO SENTIMENTO NAZONALISTA

CONFERENCIA DE CORREA-CALDERÓN,

Lida na Irmandade da Cruña o 29 de Outono de 1920.

Irmaus:

Diante de vosco, quixera sere ourador. A min sempre me parece e' o tipo representativo do ourador—funesta herencia de Vázquez de Mella i-outros histriós pol-o stilo—e unha cousa grotesca. Eu non creu na eficacia da oratoria. Hai algo mais triste qu'ises ouradores que inflan o papo; e' adoutan xestos teatraes, erguend'a mau dreita d'un xeito profético; que sacan os puños nos momentos de maior pasión, e que de pronto fan un inciso pra beber un vaso d'auga e'un azucarillo?

Poñamos un eixemplo da oratoria a que nos referimos; o Sr. Rodriguez de Viguri, o home valeiro por eiscelenza, que non sab'o que di pero, que cant'a com'as calandrias Paxaro qu'è pra il o masimun d'armonia. A oratoria do Sr. Rodriguez de Viguri, y outros cómplices, poderíase sintetisar eisi: Tópicos para señoras.

Pois de todos modos, sin chegar a sere tan cursi com'ises mantenedores de Xogos Froracs, houbera querido sere ourador.

Mellor dito, houbera querido ter o bervo difrente e preciso para poder eispoñer sereamente ou apaixonadamente as miñas ideas ou os meus sentimentos. Houbera querido ter o bervo desbordante com'unha fervenza espiritual, sin ter que suxetar os meus sentimentos ou as miñas ideas ó cálculo da impotencia d'eisprésion.

Diante de vosco sintome probe eispido de retórica.

Vos, que me habedes de xusgar, tede bondade.

Somentes unha cousa me salva: O tema cardinal da miña conversa, que é a nosa pasión común.

Sei qu'ston antr'irmaus isto dame certa confianza,

A MIÑA IDEALIDADE

Un home vulgar se ten unha intensa idealidade, xa stá dificultado.

Eu son ise home vulgar que ten unha intensa idealidade.

A pesar da miña mocidade sonvos un home, xa vello. Non vos é por *sn'een* nin por *snobismo*, duas verbas perfectamente valeiras.

Sen sere un peisimista, xa perdit' o entuseasmo per'ciso par'a vida.

Tiña o men entuseasmo cand'era mais novo. Débolle moitas ledicias internas ós liyros, ó arte, a mesma vida.

Oxe, tudo me da unha certa tristeza, a Natureza, qu'epantes era o meu consolo; agora epcheme d'unha ledicia un pouco triste. Parecime que vou deixando pol-o pei-

saxe unha stela da miña tristeza. Eu reconogo qu'è verdade aquilo que dixu Emerson: «Vimos ó mundo pra perturbare o oit' mesmo da Natureza».

Algunha ves, o retorno á intimidade da familia, reconciliame co a inxenuidade da primeira idá.

Si eu quero sorrir para min mesmo, pónome a lembrar os meus tempos antigos.

Pouco tempo dura en min ista ledicia da lembranza. Ouh, exquisita saudade!

Mais, nada m'eneche tanto de entusiasmo, de carraxe, de pasión, de violencia com'un amor inmenso que levo no peito.

Iste amore que me queima, que me fai berrar, que me fai apretal-os os dentes, constituí a miña Relixión.

Vede com'eu son ise home que ten unha intensa idealidade.

COUSA ANEDÓTICA.

Non é preciso dicervos qu'iste meu grand'amore e Galiza.

Por sere fillo d'ela staba na obriga de querela fortemente.

Hai moita xente que non se descata e' o amore a Nai Terra, e unha obriga que temos de cumprir.

A quen non sinta ist'amore podeselle chamor fillo espuro.

No seu'intre, as xentes que nos desprezan ou que nos inoran, levan también aceso ise amore.

Ind'ó mais refratario a il, ten un momento en e' o sin'l'arder drentre de sí.

Craro e' hai moita sente idiota—non atopo unha palabra mais fina pra axeival-a—por ex, os señoritos da cibdá, i-os d'aldeia también, que van un mes a Madri ou a outro lugar calquera do estranxeiro, e xa veñen faland'o andalus. Na cisteriorida queren ocultal-o que son, Pero a máscara caiselles deseguida.

O doido verso do noso meirande felibre, Pondal ten un triste actualidade.

A lingua tiveran
por lingua d'escravos;
esqueceran os patrios asentos
suidosos e brandos.

Unha ves, viaxou comigo un home calquera. Volvia a

Galiza, despois de vint'anos de faltar d'ela. Tratába en xamós, e craro tiña que falar en andalús. Como vedes é unha consecuenza lóxica. O bon do home votaba, na conversazon os seus *límites* madrileñistas i-outras imbecilidás. Pero, ó home prendiasell'a lingua, e faltáball' unha verba. Stóncias lembrábase das é a deprendera de neno, e decía *freba, abondo, gretos, etc.*

Cand'aquíl home que faltaba facía vintanos da terra, non se l'isquecera a lingua materna, mal se lles pod'isquecer a ises siñoritos *litrís*, que pasan unha *temporadita* fora das faldas de su nai.

E xa non se diga as siñoritas cursis. Saben o galego mellor qu'eu, pero imitan tan ben o andalús! Teñen unhas escelescentes condiciós simiescas.

Recordo unha cousa algo anedótica:

Foi n-unha aldeia, capital d'Auntamento, c'un médico, un boticario, un notario i-os des ou doce abogados, antr'os que tiñan título i-os abogados das silveiras.

Habia tamben catro ou cinco señoritas moi cursis, que se vestían de branco ou de roxo pr'as festas do Santo Patrón. As próbes eran moi cursis.

Pero foi a cair alí un notario extremeño, qu'era de Don Benito, percisamente.

As comedias dos Quinteiro, téñenvos algo de realidá, Dend'aquíl día a aldeia convertíuse en «*Puebla de Mujeres*».

As señoritas sacaron os seus traxes blancos e roxos, i-andaban tud'o día d'enriba pra' baixo, dando voltas pol-a carretera, acompañadas do notario, que falaba andalús i-era casadeiro.

Mirade se foi miragre, c'os poucos días xa falaban con acento importado de Don Bonito, o través d'un notario,

As siñoritas da Galiza son aínda mais opostas a falar o noso idioma c'os *pitos ben*, por que lles pares plebleyo.

Ó sumo, falan con diminutivos

(Hai que desterrare das conversas, das cartas, da literatura tanto *iño* e tanta *iña*. Podese dare a mesma femidade ou a mesma emoción, sen tanta *palabriña*).

Dristo ten moita culpa isa lamentabel novela sendo galega feita por un reportero de touros, que ten panza, *La Casa de la Troya* foinos funesta, e fixo que se nos conecese fora ó traves de diminutivos grotescos.

PROCESO SPRITUAL

Pero fúmonos desviando un pouco do tema.

Eu non sei como naseu en min iste fond'amore a Terra. Enraigóu tanto na miña alma, que non m'o podería arrincar, se non m'arrincas'a i-alma xuntamente co-il.

Eu amo a Galiza e un certo misticismo cerebral e pantheista.

Non sei como foi o nascere en min iste tan grand'amore. Quizabes o levase no sangue, com'unha herenza fisiolóxica,

Nascín na serra brava, no curaçón da Galiza. Teño dito n-outra ocasión, que son mais enxebre c'os toxos. Com'eles nascín na serra.

Leváronm'a Cibdá, pero era un neno débil i-o meu pai—que Deus teña na sua Santa Groria—voltoum'a aldeia, unha aldeia perdida nas feras montañas de Lugo. Tiña un nome evocadore—Penarrubia—qu'inda oxe me fai sorrir de felicidade. Facía unha vida selvaxe, antr'os rapaces, á choiva i-sol.

Perdoádeme que vos fale d'abondo de min. Sint'un eistrano pracer en recordar aquíles tempos que xa me parescen tan lonxanos.

Iuda non son yello, e xa teño recordos!

Di Fedor Dosoyeuský, o sombrío e bárbaro novelista ruso, qu'é un dos meus suxeridores:

«S'o home atopa na sua vida moitos recordos da sua infancia a saua vida pode ser tranquila, e se non quedase

mais c'un sô no seu curaçón iste sô recordo pode ser vill'un día pra' sua salvación».

Teñamos un bo recordo, pr'os momentos tristes.

O cabo d'uns anos volvíu a Cibdá, i-scomenzou para min a tristeza dos libros.

Meu pai facía versos galegos, i-un dos motivos que mais lle gostaba era a heroicidade do Monte Medulio.

O Monte Medulio enche todol-os ensonos da miña infancia. D'elí parteu xa as miñas arelas de libertade, de rendición da Terra. D'aquela eran vagas e incertas.

Nos libros de Pondal, de Rosalía, de Murguía foise percisand'o meu sentimento.

Pero eu adiviñaba unha Idea.

Un día chegou a min un pequeno libro: «Nacionalismo gallego» de Villar Ponte. O rématalo comprendín qu'era *aquilo* o qu'eu pensaba vagamente.

No meu proceso spritual iste libro sinala fortemente un día.

I-a miña vida dividiuse en duas: Enantes de lér iste libro e dimpois do lère.

Iste foi Libro Real que m'abriu os ollos á verdadeira Relixion.

Outro «Vento Mareiro» de Ramón Cabanillas, foi o Libro Lírico—no que se contiña o himno, o epinicio, o canto de guerra—encheume de vountá e d'spranza.

Eu sentín que drento de min se retorcián como cobras os meus sentimentos, as miñas ideas dormidas.

A NOSA LIBERTADE

Dend'stoncias canto mais lonx'stou da terra, mais a sinto drento de min.

Cantas veces me sentía só antr'a moitedume d'algunha Cibdá, cheo o curaçón de soidades!

Lonxe da Terra rezaba ista oraçon.

Galiza ceibe!

Era a xaculatoria, a síntese do meu Ideial.

Alguen—un forza misteriosa e instintiva, quizabes—puxo nas nosas maus, loitadores, o porvir da Galiza.

Temos que camiñar ó trunfo ou á morte, cheos os peitos d'ista arela santa.

Nos temos de facere, de construíre a Historia da Galiza.

Camiñemos car'o sol, o sol dourado c'alumeou outras idades mais groriosas.

A Nosa Terra aínda é escrava. Libertémol-a pol-o noso sforzo baril.

Temos sobor de nos unha grande Responsabilidade. O que non esté con nosco, será un home sin patria.

Hai moita indiferencia pol-os probremas, pol-os nosos deseios sagros, e Galiza fica irredenta.

RÈXIME COLONIAL

Irredenta, si!

Porqu'a nosa relativa libertade, e un mito.

Galiza é, simplemente unha Colonia de Madri.

Eu o vín alá: Ademais do desconecimento total que teñen de nos, sinten un desprezo irónico por total-as cousas nosas, pol-o feito de ser nosas.

Non é un tópicos isto que vos vou a dicer. E unha verdade dórosa. Cando se quere enchel-a boca c'un insulto, dín ¡Gallego!

Dígovos en verdade, que entramentras Galiza non é unha naçon libre, difinitivamente libre, eu preferiria que fose colonia d'un povo civilizado.

Pol-o menos, pol-o menos que nos deixen scoller o sistema d'scravidade i-o déspota...

Ise povo civilizado aportaría a Nosa Terra o Capital, a Modernidade, o Europeismo. Eisprotaría a nosa riqueza intrinseca, e saleríamos ganando todos. Construiría ferrovías, stradas, camiños; encauzaría as fervenzas; repoblaría os

montes; arrincaría a terra o ferro i-o carbon; capacitaría os nosos portos do Atlántico; intensificaría a nosa gándéria, as nosas industrias mariñeiras, a nosa agricultura.

E quizabes tud'ista onda de traballo, retería na Terra os centos de centos d'homens novos e fortes que emigran á América virxe.

Ise povo civilizado—que podería ser calquera razón europea—traguería a ista terra squecida e asoballada, un senso craro de Realidade actual.

Nos, os homes que sentimos o sprito eterno da Galiza, que pensamos de contino na Galiza; que a idealizamos todol-os días, seguiremol-a adourando.

Rosvevet, aquil home dinámico, que s'adicaba a caza dos liós n'África, que foi dino d'ũa oda heroica de Ruben Dario, e sobor tudo que foi Persidente dos E. U. de América, dixo sta verdade: «O poeta e niais útil a República c'o dono d'ũa gran fábrica».

Pero tamén fai falla o dono d'ũa gran fábrica, inda que haxa moitos poetas.

Fai moito tempo que Madri squeceuse de Galiza, e somente s'adica a cobrarlle púntualmente os trabucos, os impostos. Sería moi intresante unha stadística do que pagamos a Madri e do que volve.

A Hespaña centralista non pertece a Europa, Europa fica nos Píreos.

Galiza ten qu'ire detrás de tud'ista porcesión tráxica, grotesca (dorosa) que a Hespaña actual, comun can qu'e d'outro dono. Eudaxamais nos fixo un agarimol Arrástranos á forza, coma si Galiza non tivera vountade de seu.

Y-o mesmo as outras nazous irmans, quetamben se sinten conscente do seu propio valor.

Xa vai sendo tempo, homes da Galiza, que fagamos o derradeiro sforzo pra ceibarnos d'ista porcesión de famentos, d'inválidos.

DOUS CAMIÑOS

Porque debiamos decatarnos da nosa plenitude.

Debiamos tere conciencia do que somos, do que valem.

Algunhas veces eu pñoome pensativo, c'o xesto de Goethe diante da Roma antiga, como n-un cadro alemán, inconcentemente ad'utas'un xesto cando se pensa na soe dá e volv'os ollos ó noso pasado, eixamiñs o presente e fito no futuro.

O pasado foi noso. Rubimos até donde quixemos.

O presente é noso. Todol-os homes galegos que teñen curagon ou cerebro ou erudición—qu'e com'eu divid'os homes—stan con nosco.

O porvir é nos , se temos vountade e fé.

Pero stamos no cruceiro de dous camiños. Ambos a dous podemos levar ó conqwerimento da nosa liberdade.

I-eles son a Evoluçón ou a Revoluçón.

Unha ves, o Santo Farruco d'Assis, como non soupese por cal camiño coller, n-un cruceiro, díxolle o frade co acompañaba:

—Scoita, meu irmaucioño, pont'a dar voltas coma un fuso, e cando te canses paras. Pra o sitio que ti olles, stoncias por ali camiñaremos.

Diante de nós hai dous camiños lumiosos.

Por cal d'eles camiñaremos ?

Temos diante de nós dous camiños: A Evoluçón e a Revoluçón.

EVOLUZON LENTA.

O proceso das Irmandades, foi en verdade, unha evoluçón con dispersos istantes revolucionarios.

D'iste modo, dend'a sua fundazón no 1916, fumos conqwerindo grandes trunfos. Oxe, xa hai respeto e c'mprensión pra nosa Idea.

Un eixemplo sin importancia:

Denantes de aparecer iste movimento relixioso, naide ou cuasi naide, conecia a bandeira galaica, e moi poucos ou ningun ouvira o Hino Galego.

Endexamais se fixo tanto en catro anos.

Si d'oxe en adiante, o noso movimento ha de sere por evoluçón, tendo un cardinal problema a resolver,

Fanatizar á masa, ó pobo. E decir, os obreiros, os aldeans, que son aínda unha forza ardente.

D'iste modo: Facendo unha cultura popular e sintética.

Temos que inculcare na i-alma do pobo—com'un árbre c'a de frorescer — as catro ou cinco ideias mais fundamentaes da nosa Relixión.

Inculcarllas tan fondamente, que lle señan imprescindibels en todol-os momentos.

Encauzando ben, de un modo san, isa forsa cega qu'é o pobo—obreiros, aldeans—tragueríamos a nos unha forza nova.

Temos que inculcare no pobo as nosas catro ou cinco ideias mais fundamentaes, coma se fosen os nosos Evanxellos.

O pobo non quere teoría inútil, sin nuance; quere unha sintese das cousas.

Os obreiros farían compatibel o nazionalismo c'os seus ismos economicos e ideolóxicos, porque son perfectamente compatibels, Rusia, ó vir o comunismo, qu'é o eistremo de todol-os ismos radicaes, deu a libertade a total-as nazionalidades naturaes c'a compoñian.

I-os aldeas, qu'stán desourentados, ter an unha escencia que non teñen. O emigrar. poderían levar a frente ergueita, porque levaban unha Idealidade no peito. Saberían defender con palabras a Terra aldraxada. Saberían camiñar con orgulo.

Temos, por tanto, que sintetizar sinxelamente o noso Idearium n-unhas catro ou cinco ideias fudamentaes.

ENSAIO DE LIBERTADE

E nos que debemos, que podemos facer, n-ista evoluçón lenta?

Eu pensara en intentar un ensaio de libertade, entramentras non a conqwerimos pra sempre.

Alá en Madri, x'antábamonos un forte idealista, Ignacio Rodriguez, i-eu n-un café calquera, i-adicábamonos a conspirar.

Com-stábamos tan lonxe da Galiza, non pensábamos mais que n-ela.

Antr'os dous pensamos moito n-isto: *O nazionalizarnos en Portugal.*

Portugal é pra nosco a irmá da raza. O mesmo idioma—o noso detivism'unhos séculos:—o mesmo peisaxe: os mesmos áres; os mesmos costumes; o arte popular e somellante.

Antr'as duas nazons, que choran e cantan co a mesma saudade, hay un fluxo e refluxo de sympathia cordial.

Castela non ten nin unha semellanza co a Galiza. Castela e o ermo, o chiste, a bailarina, o toureiro, i-o Congreso dos!Diputados.

E o sol horrible, sin un árbre no peisaxe.

Galiza e a choiva miudiña, i-as praderias, i-os cantares do sentimento, i-as tonalidades da cor verde.

O ir pra Castela, *vése* onde empeza a terra extranxeira e onde fica Galiza.

Pol-o contrario, o Miño non é unha fronteira. Non se sabería onde empeza Portugal nin onde romata Galiza, nin onde empeza Galiza e romata Portugal.

O grande poeta portugués, o meirande quizabes, Alfonso Lopes Vieira, chamaba a Galiza hacia Portugal, n-unhos versos admirables:

Galiza soidosa dos cantares sentidos
se es tan longe «d'elesvem a os teu amigos»
—deixa a Castela e vem a nos !

Nazonalizándonos os intelectuales galegos en Portugal, levárase á realidade un ensaio de liberdade.

REVOLUZÓN

Pero isto é mais lento. Eu prefiro o outro camiño.

Chegaremos cisi mais axiña, inda que sexa con loita.

Teremos tempo a descansar. Uns na cova, outros na paz da súa liberdade. Volveremos ó lar com-os guerreiros triunfantes.

Xa teorizamos e idealizamos d'abondo.

Chegou o tempo d'acción.

Libertemos a Galiza pol-a nosa man, cheio o corazón de plenitude patriótica.

Até se podía xustificar o crime, por unha tan grande idea, com'è a nosa.

Por un real mais ou por unha hora menos de traballo non é xustificabel.

Irmaus, eu invoco o voso fanatismo.

Sexamos libres pol-o noso sforzo.

Conquiramos a nosa liberdade pol-a acción.

De vosco, irmaus, depende a Redención da Terra.

Somentes os pesimistas ou os inútiles ou os cobardes peusan c'o froito inda stá serodio.

O tempo de seger xa chegou, e xa alumea o sol da menciada.

COMENTARIO A NIETZSCHE

Conta Nietzsche c'un día Zaratustra, despois de baixar da súa soeda da serra, onde tiña por compañeiros unha cobra i-unha águia, chegou a praza d'un pobo, na que había titeres.

El començou a perdicar, amostrando paradóxicas ideas sober do Superhome, mais a xente que non o entendía, pedíall'a berros e amostrase o Superhome.

Stoncias, por casualidá, saíu un titere.

Un stantin despois, socedeu unha cousa eistrana, e saíu outro, e saltou por riba do primeiro, e iste caíu dendo o alame, desfacendos os miolos na terra.

A xente scorrentouse spavorida, e Zaratustra colleu o cadavre e levouno até a montaña.

Pux'o o cadavre na caroca d'un árbre, pra defendel-o dos lobos, e botous'a dormir, cando foi a noite.

Co á aurora nasceu n-il unha nova verdade: Tiña que buscare compañeiros porq'os cadavres non sinten, i-o pobo non comprende.

Tiña que buscar compageitos que soupesen afiar as súas fouces. Tiña que buscar compañeiros pra segar con il, porque tudo staba xa maduro pra sega.

Os homes da Galiza temos e'aprender e a fiar as fouces.

Fouce sagra dos Druidas!

Símbo da nosa Idealidade!

Temos que tinguirte en sangue pra conquirir a nosa Liberdade!

O útil doméstico e campestre pode servirnos pra venganza.

O Padre Florez na súa «*Clave Historial*», di: «*Suevos, que quere decir Laboriosos*».

Homes Laboriosos, que fecundades a terra branda co suor das vosas fronteas, xuntádevos a nós.

hnos todos xuntos o trunfol.

Xa tudo stá maduro pra sega!

DIXEN.

(PARA «A NOSA TERRA»)

GALICIA EN CUBA

O «Centro Gallego» — Seus socios e fins —

«Idioma gallego» — A «Irmandade Nazonalista Gallega».

Sómente o amore á Terra; sómente o amore á Patria Gallega obriga-me a facer unhas *cuartillas*, para tratar d'un asunto de tanta importancia para os que temos a sorte de non negar á terra onde fumos nados, como é «GALICIA EN CUBA».

E noxento da vergoña, fai sair os córes á faciana, o pasar do limiar do grandioso pazo, do pazo social do «Centro Gallego da Habana».

Ali tratate en absoluto de todo, de todo se fala, de todo critican, menos do que falar debían, debían tratar: de Galicia, do seu idioma, dos seus costumes.

Non hai ninguén — fóra de catro ou cinco, que pertenceron á «Irmandade da Cruña» — ninguén mais, digo, que falen no noso honorosidioma gallego. Decote, os nosos paisanos: aqueles que por ser nados e vivido na aldea; aqueles que por razón do seu carrego directivo, teñen obriga de propagar a fala e os costumes da Galicia, son precisamente os que falan ese *titingo castellano gallego-cubano*, e din cousas como «*oijamo el amigo*» e outras lindezas d'este xeito. Son os primeiros que si oucen falar a unha persoa en gallego; son os que coidan ofendernos chamándonos *gallegos é gallegasos*.

¡Que ñoranza mais grande! Non se dan conta eses desgraciados faltos de miolo e espírito, deshonoradores das súas santas nais, que nós, sempre, gustanos ser chama-

dos gallegos, honoranos, échenos de orgullo. ¡Que ledicia ser chamados fillos da nosa nai: Galicia.

Son moitas as seccións en que están divididos os socios do «Centro Gallego». Os do Ferrol, Viveiro, Betanzos, Lugo, A Cruña, Pontedeume, etc., etc.

Eles todos, fan festas no campo os domingos e días de festa, a ninguén se ve nestas festas bailar a divina e enxebre «*muiñeira*» os fermosos bailes gallegos que tanto gustan e honoramos: entroque fan *güateques*.

Nas festas de teatro, non se vé poñer na escena, ningunha das moitas obras do teatro gallego. Si a mal non ven, un mal coro, canta mais o xeito cubano, que ao gallego unhs *abalas* pero de esto non pasan.

Abonda decir que non coñecen o «Hino a Galicia», e que o dia do Apostol Santiago — Día de Galicia, cantouno o coro improvisado por mariñeiros do acorazado «Alfonso XIII», e foi preciso obligar a que os gallegos *desgalleguizados* ergueran-se e descubrían-se; abonda.

Eses son os gallegos que avergoñan-se que lles chamen con ese nome, cando debían ser chamados *meuteiros salvaxes* calificativo que merecidamente cadrá-lles.

A Biblioteca do «Centro Gallego» en obras en idioma gallego, queda reducida a moi poucas de Carré, Villar Ponte, Curros Enriquez e outros escritores gallegos. Non pasa de unha dúcia.

F agora: por si non-o sabedes, ahi vai unha boe nova.

Varios rapaces verdadeiros namorados da súa Patria Galicia; bos irmáns e bos gallegos, antre eles Tomás Rodríguez Sabio, Zapico, Arias, Edreira e moitos mait, fundaron con acerto unha «Irmandade Nazonalista Gallega» que ten a mesma finalidade que as «Irmandades da Fala» na Galicia e que foi un trunfo pol-o bon acollemento e quentura que lle dan os bós e xenerosos.

Falta facía: pol-o menos xa temos unha verdadeira de-

fensora da nosa Galicia, pois o «Centro Gallego» ben pouco ocupa-se d'ela.

Os «Centristas» marmulan e non fan migas con «Asociación Catalana» pol-o grave delito de seien ante todo e por riba de todo *catalans* e facer labor catalana; e en troco os do «Centro Gallego» nas festas feitas nò honore da tripulación do acorazado Alfonso XIII. gallegos

na maioría por non decir na totalidade, non se oíu un solo berro de «Viva Galicia» nin o berro de redención ¡Terra, a nosa! ¡Ah, pero oíanse os *viva la papa!*

CAMILO DIAZ SEOANE.

Habana Setembro de 1920.

Copia do mensaxe que os nazonalistas galegos dirixiron aos irmaos irlandeses

Un profond sentiment d'amitié, de dévotion fraternelle, pe- être de solidarité raciale, nous ment pour nous adresser à vous, nobles fils d'Irlande, nos frères par l'amour sacré du sol natal— en vous envoyant, saisis d'admiration pour votre effort héroïque, la salutation enthousiaste des bons fils de Galice.

Irlande, la sublime martyre, de longtemps chère à nous, a été toujours pour les nationalistes de Galice, dont nous portons la voix, le miroir éternel des nations souffrantes, qui a, par l'exemplarité de son héroïsme toujours soutenu, un rôle messianique et redempteur. Ainsi, la cause que vous défendez est pour nous la plus noble, la plus sacrée qu'on puisse défendre dans nos temps, et le sacrifice que vous faites à votre Patrie est le plus saint et le plus digne d'être perpétué dans la mémoire des hommes.

Dans ces jours, pour vous de tristesse profonde et de suprême anxiété, quand l'Irlande souffre plus cruellement les outrages de vos ennemis, quand l'effort courageux de votre admirable patriotisme et la tension de vos esprits atteint le plus haut degré, nous sommes saisis jusqu'au fond de l'âme des douleurs inenarrables du peuple irlandais et suivons pleins d'inquiétude et de désir les épisodes de la lutte épique que si héroïquement il soutient.

Nous, l'Irmandade da Fala de la Corogue, nos faisant interprètes des sentiments des bons fils de Galice, vous saluons, nobles fils d'Irlande, nos frères par l'amour sacré du sol natal, et prions l'Eternel de vous donner une victoire que vous avez si bien mérité, de donner à votre Sainte Irlande et l'indépendance et la paix.

Un fondo sentimento d'amizade, de devoción fraternal, cecais de solidaridade de sangue, móvenos pra nos dirixirmos a vos, nobres fillos d'Irlanda, nosos irmans polo amor sagrado do chan natal—enviandovos, sobrecollidos d'admiración polo voso esforzo heroico, o saúdo antusiasta dos bos fillos de Galizia.

Irlanda, a martir subrime, de moito querida pra nós, foi sempre, pr'ós nacionalistas galegos desque nós levamol-a voz, o espello eterno das nacións asoballadas, que ten, pol-a eixempraridade do seu heroísmo sempre ergueito, unha misión mesiánica e redentora. Así, a causa que vos defendedes é pra nós a, mais nobre, a mais sagrada que se poide defender nos nosos tempos, y-o sacrificio que vos oferedes a vosa Patria, é o mais santo y-o mais dino de ser perpetuado na lembranza dos homes.

Nestes dias, pra vos de fonda tristura, de suprema ansiedade, cando a Irlanda sofre mais cruelmentes os aldraxes dos vosos nemigos, cando o valente estorzo do voso patriotismo admirabel chega ó mais outo cumio, nos achámonos sobrecollidos hasto-ó fondo da y-alma polos doores inenarrables do pobo irlandés, e seguimos, cheos d'inquietude e de desexo os episodios da loita épica que tan heroicamente sosten.

Nos, a Irmandade da Fala da Cruña, facendonos interpretes dos sentimentos dos bós fillos de Galizia, saludamosvos, nobres fillos d'Irlanda, nosos irmans polo amor sagrado do chan natal e rogamos a Deus vos dea unha victoria que tendes tan merecida, e dea á vosa Santa Irlanda a independencia y-a paz.

OS NÓSOS COLABORADORES PORTUGUESES

IMPRESSÕES DA NOITE

A SERRA

A Correia-Calderón

«El perfume de lo divino y de lo humano
nos adormece con su cloróformo.»

ISAAC DEL VANDO-VILLAR.

A noite detalhava as serras e contornava as casas com a sua côr cinzento-negro. A noite sem lua vestia as arvores e estendia-se por sobre a planicie, ocultando tudo, afivelando nas pequenas coisas a sua mascara-silencio, cinica e ingenua, causando mêdo, terror té e edando-nos a impresiao comica de vacilarmos junto da propria sombra, nós propios mazcarados a nossos olhos.

O meu cigarro, branco, *bont doré*, pretencioso, artificial, mais irritante do que *Eu* mais *Snob* na sua compostura de novo-rico, petulante doiro, a dizer a toda gente que è viajado e que para chegar até mim, atravessou o *Mediterraneo* porque nascera no *Egipto*, sumia-se tambem na noite, perdera a anil do seu fumo e a caminho da Serra, desfazia-se sem ser notado, zangado comigo porque o queimaba longe do *Majestic*, muito longe, a leguas de distancia, sem mulheres, sem saladas-de-fructas, sem doirados de ambiente e sobretudo sem luz-electrica, sem candelabros de prata e serpentinas d'oiro! O meu cigarro irritou-se, pediu ao vento que o queimasse depressa e que levasse as suas cinzas para longe daqueles montes, para muito longe onde a sua morte fôsse notada. Pobre cigarro! Depois quando o deixei, entre pedras de granito, abandonado, só, na contemplação muda do céu, senti remorsos de oter arrastrado pra distante do seu ambiente, pra longe da sua caixa forrada a papel.prata. Pobre cigarro. Tentei ainda procura-lo, erguê-lo junto a mim novamente... mas a noite com a sua côr cinzento, preto, tinha-o encoberto, vestira-o de desconhecido e de silencio. Nao o encontrei.

Subi mais a serra: a noite era mais, mais funebre, mais negra. O horisonte espiralava-se e sumia-se. Por todos os lados granito, escarpas, serras, serra cinica e agreste, A emoldurar gigantesmente tudo. O Silencio era absoluto e perturbador. Só existia noite: noite na terra e no céu. A noite macia que nos curva sobre nós mesmo e vai buscar as nossas meditagoes mais

intimas, mais profundas e desenha a nossos olhos, as nossas recordagoes de hontem: de ha um ano, de ha muitos anos!

Fiquei perdido de noite. A serra terminava junto a mim. Sentei-me, sentei-me e tive mêdo. Ouvi as vozes da noite por todos os lados, vindas do infinito, ajoelhas em Z, junto de mim. Entao recordei: foi a mulher o primeiro sonho! Sorriu no meu espiritu a lenda do seu perfil!

«...Sonhei contigo. A madrugada de hoje foi só tua. Sonhei contigo, vi os teus olhos na treva a desenharem uma espiral de luz que me gelou. Conheci o teu perfil, o vago da tua fisionomia, o afilado-galga dos teus dedos. Sonhei-te toda quando te procurei na sombra para te esculpir em mim, ter a sensação loira dos teus cabelos fulvos, tu eras a minha imaginacao, um pensamento meu, um pedago do meu ser que se desprendia e queria finalizar, constituir-se. Tu nao existes, a lenda do teu perfil, sonhei a numa noite de outono, anciando o luar. Tu és filha do vento, tu, do vento, maquette do meu sonho. Nos espacos da muzica, encontro-te, o son desenha-te, os teus labios tem son. No oiro-trigo das searas tambem tu apareces, as tuas vestes sao sombras, os teus olhos tem sonatas de azul executadas no fogo dos violinos do Alem. Os moinhos do monte executam-te quando o vento faz voar sobre si as azas brancas das suas velas.

Tu és feita do son da flauta do pastor que Eu encontrei, debrugado e pensativo, naquele monte de sonho que fica a meia distancia do penedo da morte e que tem como horisonte, o vale, verde e escuro onde ha constantemente penumbra de olhares tristes.

Muitos pintares tem desejos de te encontrar, falo com eles, pergunto. Tes a côr que te dariam e todos ficam meditando, idealizando uma côr que nao existe e que seria a mais bela para se sentir. O azul é pouco intenso, o vermelho ri de ti, o violeta, o roxo, todas as outras, nao!

Ouvi um dia uma balada que tinha côr e quiz dizer dela. A balada tornou-se éco, quiz retê-la e o vento luctou comigo e levon-a na cavalgada surda do seu cinismo. A côr-balada era a tua, tengo a certeza; o vento de que és irmã nao a deixou no mundo!

As safiras tem reflexos dela, o melao-oiro da lua tambem, o misterio da perola, sim; o vago do crepuscolo, sim...

Tudo fala de ti, já te ouvin chorar junto a uma fonte, recitar as minhas oragoes na solidao dos Eucaliptos e sorrir por entre as ondas dum

mar agitado que arrostava a barca do meu tédio, sulcando em abismo, torneando-se nas correntes, porque o barqueiro adormecera e ficara a barca, ao abandono, sem destino por entre as ondas dum mar agitado.

Muitas veces á luz do Sol, julgo que te encontro, olho todos que me rodeiam, medito neles e entao convengo-me que existes, vivendo em mim, na minha medula...

As tuas curvas pertencem-me, os teus dedos, os teus labios... Tu és a sombra mais querida do meu Alem-Tedio; es a curva mais distanse do meu horisonte.

A noite na serra tolheu o meu pensamento. Quiz novamente recordar-te. Quiz um cigarro para queimar e nao o encontrei, do meu pensamento longo, só ficou a noite e a serra, geometricamente silenciosos! Quiz vêrte, procurar-te, a côr da noite nao me deixou...

A noite, em angulo agudo, ia mais alta, mais alta, mais... A noite desaparecia, consumia-se como o meu primeiro cigarro e só a serra continuava muda e cinica, a recordar, a fantasiar... a sorrir.

Os sorrisos da serra tem granito; sao monstruosos, quando a noite os marcara com o seu cinismo cinzento-negro.

AUGUSTO D'ESAGUY.

Serra do Marão, Set. 920.

TEMPO DESERTO

Como acendida lâmpara en estreito
Pechado camarín,
Asi, n'ó santuario d'ó meu peito
Anda unha lus sin fin.
Cand'a a sua llama gunizando lenta
Boquea e vai morrer,
Sopro de fé seu pábilo alimenta
E vólvese acender.
Mais d'ó meu peito n'a profunda calma
Non hay altares... Ah!
A lâmpara do tempo d'a miñ'alma
A quén alumará?...
Si algún topás, viaxeiros d'esta vida
En que creades vos
Poñeino ante esa lâmpara acendida,
Que está esperand'un Dios.

Curros Enriquez.

Unha poesía do Alcalde de Cork

O novo martire da Irlanda, pasados 28 dias de non probar bocado d'alimento que lle donasen os escravizadores da sua Patria, fixo estos versos que publicou o xornal «KILKENNG PEOPLE»

Aprendamos a morrer

SEÑOR hoxe chéga-nos o derradeiro combate
TI vés que é xusta a nosa causa;
Concéde-nos agora, baixo a TUA mirada,
Ir á victoria.
Fai que non sexamos merecentes da TUA condena
Na sagra causa que servimos;
Fai que non-os arredemos do perigo
Ensina-nos a morrer.
Ergue a sua man a morte
Enriba de alguns de nós
Denantes que xermole a nosa bandeira.

Toda a agonía dos anos,
Todol-os horrores, todol-os temores,
O sangue dos mártires, as bágoas dos que alentan
Ofrendámos-chas agora, SEÑOR,
Como ofrenda eterna...

Mira, abrimos os nosos corazóns,
Mira... sacrificios que non rematan
Até que a nosa terra sea libre.
TI té nas tuas mans a libertade nosa;
TI podes libertar o noso país.
Escoita-nos; concede-nos este prego:
A libertade da IRLANDA.
Non pedimos ser nós quen rompa as cadeas,
Nin vivir despois da acción sagrada
Para gozar, vivos,
A sua victoria,
Pedimos que a libertade sea un feito...
E dormire a TUA veira o sono eterno.

Aos que queden do cambate
Bica-os coa TUA luz.
TI, nosa esperanza na noite pecha
Sigue ainda sendo o seu guardian.
Protexe o noso pobo baixo TEUS ollos, na
(TUA santa garda.
Que baixo a mirada TUA erga-se libre e forte.

PUNTOS DE VISTA

VERVA QU'OBRIGA A MOITO

Se non pode negare que pra todo o que sexa persoa conscente e sería, enemiga de farsas, a ostentazón de calquer calificativo que denote unha filición política determinada, impricitamente leva consigo a obriga ineludível de seguire unha conducta qu'endexamais poida atoparse en contradición coas normas qu'o calificativo presupuña. Estas normas pol-o xeneral, son moi poucas; o número d'elas redúcese, na maioría dos casos ó simple exercicio, en total-as ocasións que pra elo haxa, dos deberes qu'o credo político considere como esenzaes, sen outra cousa. Mais no caso de qu'imos a ocupárenos non sucede eisi.

Será nazonalista, chamárase nazonalista non é aquilo de pertencere a unha de tantas banderías políticas como existen; non é sere simplemente un de tantos entre o número mais ou menos grandes de individuos que siguen tal ou cal credo ou bandeira política; ostentar unha marca que soio en determinados momentos obrigue; tere un nome con que dipensárese dos mais que, como nós, non pensan; a sinal, n-unha verba, que amostre ás rentes os lindeiros dentro dos que, os ideaes e o pensamento individuais, se espallan cerbes i-en terre propios.

O tal calificativo de todo isto ten, e moito mais aínda. Por iso mesmo, honorárese con él é dispoñerese a bótare en col dos hombros a carga inesensavel e nada lixeira de unhos deberes sagros, dos que se non pode prescindire e que son á xeito d'un imperativo categórico.

O nazonalista, á difrenza do que sucede nos outros credos ou bandeirías políticas, pode decirse qu'endexamais deixa d'estare en funcións, en prena autividade. Pra él calquer momento, calquer instante, o minuto mais cativoiro do seu vivir é aproveitavel de cote. Non hai situazón nen existe auto no qu'él poida deixare d'estare atuando. A inautividade é verba qu'o nazonalista ten que desconocere. Y-a dita verba o mesmo qu'as de acougo, sosego, transixenza i-outras, non poden teren acollida no noso léxico.

Pra un nazonalista todol-os momentos deben de seren bos e total-as ocasións doadas pra facere labore de apostolado. Quen eisi se chame non pode tere agardas nen debe marcarse aprazamentos ó seu traballo. A tarefa d'espallamento da doutrina é tarefa pra que todo o tempo é axeitado e comenente. Por aquilo de qu'a Patria sofre, e sofre sen acougo, sen trégola no seu sufrire é pol-o quea obriga do traballo ininterrumpido, sen pausa, faise termiante e decisiva. Laborando incesantemente amengüanse os dñores da Patria; un nazonalista, cono cedore d'eles, sabedore das suas mágoas, ten que desexare que desaparezan o mais denantes posivel. Pra elo o remedio axeitado e traballare sin acougo, pois soio eisi acaroarase a xornada salvadora do trunfo.

Baixo a etiqueta de outro calificativo calquera o individuo pode dormitar sen preocupazóns e sen inquedades, confiado, tranquilo. Baixo o calificativo de nazonalista non; non pode sere. Pra un qu'eisi se chame non pode habere mais tranquilidade que aquela que sigue supetamente e supetamente desaparece, ó cumprimento d'un debere. A desaparición d'un motivo de inquedade e desacougo debe de sere seguido pol-a iniciazón de novos motivos do mesmo.

Como a soluzón do problema, pol-o que loitamos os nazonalistas e unha soluzón que non pode adimitire estados intermedios sinon que ten que sere total, definitiva, e ista soluzón háchase integrada por diferentes resoluzóns parciais, que á sua vez aparecen comprendadas e formadas por múltiples circunstancias, e moi natural que a liquidazón de cada unha d'elas non sexa sinon unha insignificante parada no continuo laborare, pra tomare folgos con que inicial-as outras novas liquidazóns. De iste xeito fica amostrada a verdade dos nosos asertos.

Pro aínda hai mais, o nazonalista, si ten de selo de verdade si o apelativo, ten de cubrire unha realidade e non unha ficción, debe de arredare de si todo sentimento egoista d'excisivo individualismo, pra trocal-o por aquel xeneroso sentimento de irmandade que fai ollar, en todol-os que se enorgalecen co mesmo calificativo, verdadeiros irmans, e que obriga, pol-o mesmo, a procedere en consecenza. Nistas condizóns, no nazonalista ten d'eisistire, ademais de aquel impulso de simpatía que nos guinda hacia os que nos són afíns no pensare, algo eisi como un sentimento de familiaridade que erguén-dose por en col dos lindeiros que asiñalan a familia, amplía ó concepto vulgar d'ista (xentes unidas por vinculos de consanguinidade), faguendo de todol-os homes axuntados pol-a comunión dos sagros ideaes patrióticos unha soia, presidida pol-a devozón á patria única e verdadeira, á patria natural.

Intransixenza, inflexibilidade, firmeza no ideal son tres características que deben de adobiare ó que se chame nazonalista. Nos outros ideaes poden adimitirese variazóns momentáneas, axeitazóns oportunistas, atenuazóns circunstanciaes según o demanden as comenanzas do momento. No noso ideal, non. A sua luz, dende que alumeou os nosos cerebros e fireu os nosos corazóns, marcounos craramente un camiño que tárdare mais o menos, temos de recorrer. Iste camiño leva en dereitura ó trunfo; desviárese d'él sería causare aprazamentos a iste, e como os aplazamentos soio servirán pra que co retraso do trunfo aumentasen os días d'eservizamento da Patria, velaí porque todo o que non sexa ire en dereitura ó noso será perxudicial e, pol-o mesmo, francamente condenavel.


Hai outro detalle que, todo o que se nome nazonalista, ten que tere moi persente. Iste detalle é a necesidade do renunzamento. O bon nazonalista, millor dito, o nazonalista simplemente—nós enxerguemos que soio pode habere unha crás de nazonalista—ten que háchase disposto de cote á renunza de todo aquilo que, aínda sopoiendo ventaxa pra él n-un senso que se non rejira á súa economía individual, particularísima, poida restarelle enerxías a empresa sagra da redenzón patria. O caso, por enxemplo, veisi se acara millor a cuestión, d'un esquirtor que cono cedore da necesidade que nós temos de literatura e de colaborazón literaria nos nosos orgos, se adique a publicare traballos en revistas castelás ou catalanizantes, sen que por eles reciba retribución algunha, mais que a sona que o sen nome poida conseguire. Iste é un caso concreto, que posibelmente se done entre nós, de desgaste d'enerxías por mor da vanidade, enerxías que, aplicadas a nosa causa, redundarían grandemente

en beneficio d'ela. O bon nazonalista, naturalmente, non pode renunzarse a aquilo qu'e mester pra sostel-a sua vida, mais está obrigado, unha vez qu'istos fins de sustento da vida fican cumpridos, a deixalo todo, a renunzalo todo sempre e cando d'ise renunzamento e d'ise abandono poidan viren ventaxas pr'á causa da Patria.

Moitos mais, aínda, son os deberes i-obriga que a verba «nazonalista» impón e leva consigo. Pro numerosos e todo como son, ben os conocen todol-os que levan verdadeiramente afincado na yalma o sentimento de patria. A obra d'iste conocimiento non é tarefa que requira sere emprendida por ninguén. Trátase d'un conecimento que xurde eispontáneo, dende o momento preciso en que o berro i-o laio da terra escravizade hacha eco e refrexo no

corazón escolleito dos «bos e xenerosos». Por iso, si desafortunadamente tropezamos algunha vez no noso camiño con calquer individuo que, chamándose nazonalista, se amostrase en diversencia coás obrigas ineludiveis qu'a verba «nazonalista» impricitamente cortén e leva cón sigo, dende logo poderemos resoltamente afirmare que o tal soio é un farsante, pois, de non selo, as aludidas diverxenzas non poderían eisistire, toda vez que, como decimos, o cumprimento dos deberes que o chamárese nazonalista impón, é algo natural, froto eisclusivo da eispontaniedade e resultado lóxico de un aristocratismo e de unha superioridade d'esprito que soio os «bos e xenerosos» amostan tere...

ERMÓN VILLAR PONTE.



BETANZOS.—Porta d.a Vila.

Follas secas

VERSOS SOLTOS

VENTO E SOL "CURRIÑA"

D'as arbores, mareliñas, caien follas
sacudidas pol-o vento d'o outoniño
e n-o chau, como cadavres,
fican soilas, fican tristes, mareliñas,
A bris xoga n-a alcátifa
d'as finadas ilusións;
un paxaro derradeiro chia soilo
n-unha pola xa despida,
e se póvoa o cimiterio d'a follada
de rumores, de queixumes
e de incertos, salaiantes, vagos sons.
Sol d'outono, os teus pálidos cabelos
son os loiros d'unha testa
melancónica d'un príncipe,
qu'o engrellarse n-a ramaxen
d'as arbores, a arboreda, estremecida,
rompe o pranto silenzoso
d'unha chuvia de doentes bágoas d'ouro.
N-o meu peito, hirmau Outono,
as petalas d'unha frol amarelaron
e caíron desmaiadas.
Hoxe os ventos dos recordos
n-il penetran con rumor de follas secas,
i-unha cántiga tristeira a Melancónia tañe
n-as cordas d'o curazón,

Verde carballeira onde o sol se creba
I-entra esmayolado baixo das ramallas,
Cando, á tua sombra, no regacho beba
Dime dos misterios que no vento espallas.
(N'ise vento maino qu'acanea as polas
Na preguiza eterna d'un compás chorón;
Vento d'agarimo, vento d'almas solas,
Que aloumiña frentes de meditazón.)
Longas herbas mortas q'hai na carballeira,
Sodes as sombrigas prantas da impodenza
Com'as esmayadas almas da canseira
Mortas nas fataes sombras da indoenza.
Duro sol da loita, fita as herbas mortas.
De sapos e cobras tépedo niñal,
E do fondo mouro das ramallas tortas
Fai nacer o día da nazón trunfal.

Muller, mámoa de neve adormentada,
corpo sin curazón, alma sin vida,
muller d'amor e sentimento espida,
d'un enterro sin luz vela apagada,
No teu cutis de neve arreboxada
morre a carne de friu, y-aterceida
nos teos cortantes beizos de ferida
deitase unha surrixa de xeadá.
Branca rosa d'inverno, quen poidera
no teu cáliz meter a loita fera
d'un ceio azul moi lonxe d'esperanza!
Branca muller amortaxada e fría,
tod'o sangue das venas eu daría
por che añidar no peito unha inquedaanza,

ENRIQUE BATÁN,

A. SANTOS VILA,

DOS IRMANS NO EXTRANXEIRO.

LEMBRANZA DE LOIS PORTEIRO, O NOSO MORTO

Lois Porteiro, o Noso Morto, ten un valor simbólico na nosa actuación.

Era un loitador hó e xeneroso, que camiñava envolto na idealidade da nosa bandeira azul e branca, cheo de fe no porvir da Terra.

Morreu cando estaba na plenitude da xuventude.

Porteiro ofrecera a súa vida, como n-un sacrificio sagro, á Terra.

I-a Terra recolleuno con amore, como se fose Semente.

Semente é a súa doutrina, o seu fervore, o seu sacrificio.

Ista Semente comenza a xermolar, com'un pinal mozo.

A Galiza nova, que xa empeza a xurdir,

A nosa Primadeira començará axiña, c'o seu frorescer...

O pinal mozo oubeará algun día, ó vento, cheo de coraxe!

En verdá vol-o digo, homes incrédulos e de pouca fe.

Algun día virá, en verdá vol-o digo, no por vir proisimo, en que Galiza s'ha de decatare do seu propio valor, i-stoncias insinará os dentes com'unha fera arisca.

Lois Porteiro, o Noso Morto, foi un dos Sementadores.

El mesmo, ó morrere, xuntounos mais os us ós outros na loita, coma se fosemos orfos.

E foi Semente d'unha Relixión, d'unha Ideia, na Terra en que nacera.

As Relixións, as Ideias necesitan o seu Morto, o seu Martir, o seu Santo.

Teñamos un recordo filial e cordial pra Lois Porteiro, e poñamos sobor da súa Cova a frol mais chea d'arume, chea tamén dos nosos bicos d'amore.

CORREA CALDERÓN.

"Fai dous anos.

Fai dous anos que falta o Mèstre, mais non se foi: vive en nosco.

Lois Porteiro, o partir, deixounos herdeiros das arelas e xenreiras; das doutrinas é do espírito.

Santo na relixión que tén por Cristo a Galicia, fixémolle os nazonalistas nos peitos, seu altar; pro é preciso que lle recibamos.

As nosas oracións han de ser ditas en pé, loitando barilmente co réxime que nos afoga, sin sentirnos cansos hastra que conquiramos a Independenza.

«Irmidades da Fala»; mosteiros cheos de fé, non deixamos fuxir estes tempos sin proveito. Urxentemente debemos d'encamiñarnos o agro levándolles ira os labregos; organizémolos pra a revolta, sin facer d'eles esqueiro político.

Quizáves axiña chame as portas de Galicia o trunfo.

O movemento obreiro que se prepara buscando a transformación de vellos dereitos, pode darnos ocasión de por termo á escravitude.

Galicia non tén problema obreiro por probeza da súa industria, pro tén o mais outo de facer Pátria.

Esperemos é non esquezamos as obrigas.

Que Galicia tique ceibe na loita que chega.

D'este xeito daremoslle ledicia ó espírito de Porteiro que vive en nosco.

Mèstre, ó lembrarte públicamente en cad'ano, sinto fonda pena porque Galicia non e ceibe.

IGNACIO RODRÍGUEZ.

Madri, Outono do 1920.



Fai dous anos que a morte—¡mala morte!—nos levou a Lois Porteiro. Lembrámolo oxe c'o mesmo amore de sempre. Ten a toda hora o agarimo do noso recordo.

«As verbas de un loitador» e as «Palabras ós emigrados» siguen sendo o evanxelio das Irmidades da Fala.

Cada día que pasa, a figura do querido e malogrado irmán que o mesmo na cátedra, que no folleto, na tribua e no xornal, dou mostras d'un fondo talento, d'unha ampla cultura, d'un espírito esquisito e d'un enxebriño acceso sempre e sempre fecundo, faise mais grande e admirabel.

Lois Porteiro era un verdadeiro apóstolo. Nas páxinas que a posteridade consagre ó luminoso movemento nazonalista galego actual, o nome e feitos deste ilustre leñder que tan mozo aínda comeu a terra, haberán de ter un capitulo de xusticia.

«Nos—dixo moitas veces aquel notabre e inequiescente sementeiro d'inquedanzas—nós, os irmáns da Fala, sómolos enciclopedistas da causa da liberdade galega no seu periodo prerevolucionario».

Porteiro, preocupábase do porvir da raza celta, inquedábanlle o seus xeitos, e pol-o mesmo, oxe de vivire, ollaría con nosco cheo de simpatía garimosa o espertar d'Irlanda, a irmá heroica e subríme.

Porteiro foi un loitador rexo e baril a quen pillou a morte—¡mala morte!—no medeo do combate. A bandeira que el erguia tremelante é a mesma que nos axunta a nosoutros. O espírito de Lois Porteiro vive con nosco.

Irlanda e o Lord-alcalde de Cork

Cando se publiquen istas liñas, tal vez a morte terá posto xa fin ó heroico sacrificio de Mr. Mac Sivney. O drama da cadea de Bristón eiseitou en grande maneira ó pobo irlandés, vítima dende fai séculos do anglicanismo, que non perdoa á verde Erin o tere permanecido fel a Roma.

Os que coidan que o tempo suavizón as relacións entre a Gran Bretaña e a terra de santos, principalmente dimpois da xestión de Gladstone e de outros políticos ingleses que atenderon as elocuentes razóns do gran O'Connell, están n-un erro. Diante dos ollos temos cartas pastoraes de varios prelados irlandeses, a letuura das cales foi tremar.

Eisi, por enxemplo, o cardeal primado de Irlanda, monseñor Logue, dí na súa: «Un réximen militar de unha severidade que non ten pa nos gobernos mais despóticos e mais despiadados; sentenzas compretamente desproporcionadas coás supostas contravenzóns, detenzóns arbitrarias, *lettres de cachet* (cartas órdenes do rei sellados e firmadas de un segredario de Estado, polas que sen xuízo de ningún xénero mandábase a un á Bastilla), *lettres de cachet* mais numerosos aínda que na antiga Francia; deportazóns semellantes ás que provocaron non fai moito un berro de reprobazón e de xenreira contra os alemans durante a sua ocupazón militar de Bélxica; todo iso—e outros procedimentos análogos—deben fatalmente conduciren a unha eiasperazón desesperada e ó desorden xeneral».

Pol-a sua parte, o bispo de Raphol, monseñor O'Donnoll, esquirbe: «Enchéronse os cárceres, afogouse a liberdade da verba e do prelo, converteuse o sistema das deportazóns n-unha regra xeneral, e o sentimento do país non conta pra nada na sua administración».

Con maior dureza eisprésase o bispo de Killaloe, monseñor Fogarty: «O noso país inofensivo debe a súa actual agonía á infruencia d'unha malfadada cobiza. As suas vizosas campias atragueron as olladas do podeiroso eistranxeiro, xa ateigado de riquezas. El porque Irlanda se afinsa a resistire a ise pillaxe universal, a isos ladróns o chouteadores de camiños que rouban ós debles, tantas inxustizas, tantas violenzas ten de sofrir! A sua facenda está embargada, os seus fogares invadidos, as suas libertades tripadas por duro réximen militar; saquéanse as suas cibdades e os seus pobos, os seus rapaces e as suas rapazas son fusilados ou encarcerados sen acusazón e sen xuízo».

Renunciamos a seguire traducindo anacos de outras pastoraes dos bispos de Cloyne, de Doion e Connor, de Galivay, de Derry, de Clonfet, etc., etc. Eles eisprican millore que as informazóns que nos trasmite o telégrafo, cal é a verdadeira situazón de Irlanda.

Pol-o que respecta ó lord-alcalde de Cork, foi sometido a consello de guerra por inculpáreselle de pronunzando un discurso sedicioso e reter documentos de adhesión ó movemento revolucionario. Por ise segundo cárrago, condenádoselle a dous anos de cadea, trasladádoselle, pra evitare calquer intento de liberazón, ó cárcere de Bristón.

Mr. Mac Sivney protestou contra o seu arresto contra a condena de que foi ouxeto e contra a súa detenzón. «Denantes de un mes dixó, sairei (D. M.) do cárcere morto ou vivo». O lord-alcalde, ademais de tere adicada a súa fortúa á causa irlandesa, entrega a metade dos seus honorarios á viuda do seu denanteesore Mr. Mac Curtain, misteiramente asesinado.

A propósito do sacrificio do lord-alcalde pol-a sua pa-

tria, lembrese o non menos héroico de un humilde polaco cando a guerra da independenza de Polonia.

Soldados de Infanteria polacos perseguidos de preto pol-os rusos, vadean un río e sálvanse. Chegan os rusos a caballo á veira do río, e antramentras unhos buscan o punto desexado outros pra atravesalo, outros ollan a un labrego e chámanno.

—Eiquí hai un vado—dícnlle.

—¿Un vado?—contesta o paisano;—non, non. Que eu seipa non hai ningún.

—Pois, ten de habelo, porque os outros pasaron.

—Repito que non sei que haxa ningún.

—Esta ben, vas a topalo e amostrarasnos o camiño.

Métete na auga é camiña; ollaremos si perdes pé.

O labrego entrou na auga. Perfectamente valia onde estaba. Ó vado o seu molláre molláremos a cintura houbera podido chegare á beira oposta. Mais era perciso que os cosacos iñoráseno. Entonces, seguindo a liña do vado, foi avanzando, e a medida que adiautaba dobregaba as súas pernas pra dismiñuíre a súa estatura e dare a enexerguere que paseniñamante afundiase. E cando estivo no meio, sumerxeuse compretamente, como si lle fallase apoio e sumerxido morreu; mail-os cosacos non pasaron. Tamén o lord-alcalde de Cork oferesce, como o labrego polaco, a súa vida pol-a súa patria.

Da revista católica barcelonesa «La Hormiga de Oro».

O señor Vice-Cónsul de Portugal en la Guardia, ao suscribirse a iste boletín enviou unha carta da que copiamos o seguinte:

«Desde os admirábeis artigos de Vicente Risco sobre as letras portuguesas, até os esplendidos desenhos de Castelao, já muito meu conhecido e apreciado, tudo, nessa magnífica revista, me demonstra a galhardia e a inteligencia com que a mocidade galega tenta nobremente uma luta em que, como na atual mocidade portuguesa: a literatura e o nazionalismo se confundem para formarem um só corpo.

Sendo, como sou, o mais apagado e humilde dos rapaces da minha geração, nem por isso deixo de compartilhar dos sentimentos e ideias daqueles que, como Joao de Castro e Manuel de Figueiredo, estão destinados a dirigir o moderno movimento literário e nacional português.

Pode V. Ex.^a imaginar, portanto, o prazer que tive ao constatar que a mocidade galega, além de se lançar num movimento que é tan parecido com o nosso, tem ainda tempo e nobreza suficientes para se interessar pelas cousas portuguesas.

Mas o que, sobre tudo, mais me alegrou, nao foi só que por elas se interessassem:—foi que também as compreendessem e sentissem. E o meu desejo, agora, é que nós, portugueses tomemos pela literattura e pelos ideais galegos, o mesmo interesse inteligente e afectuoso que os galegos estão tomando pelos nossos.

OS NÓSOS COLABORADORES DE PORTUGAL

O MONGE E O PASSARINHO

(LENDAS MEDIEVAIS)

(A senhorita Magdalena Lopez)

"Mil anos perante Deus
—dizia consigo o monge
—tão tal qual o día d'ontem,
que passou e já vai longe".

Como isso pudesse ser
pensava ele noite e día
e quanto mais cogiava
tanto menos percebia.

E já da dúvida o espinho
na alma crente lh'irrompera,
quando p'ra Deus se voltou
que lh'explicasse o que lera.

Eis senão quando no côro
um passarinho surgia,
de plumagem reluzente
como fina pedraria.

Suspenseo d'espanto e pasmo,
ante a estranha aparição,
entra o monge a suspeitar
se aquilo era sonho ou não.

Más, todo alegre e contente
o passarinho lá estava
e em seu constante esvoaçar
via bem que não sonhava.

De continuo a saltitar
ei-lo a igreja desceu,
e, sem desfita-lo o monge
no seu encaixe correu.

Da'í p'la porta entreaberta
o passarinho voou

e, sempre curioso, o monge
a segui-lo continuou.

Pousando depois na mata
que perto d'alí havia,
a ave desatou num canto,
de tão doce melodia.

Com tão suaves gorgeios,
requebros tantos e tais,
que em dias de sua vida
o monge ouvira jamais.

O passarinho cantava
e de gostoso e enlevado
o monge tudo esquecera
todo atento ao seu trinado.

Por fim o canto cessou
e com tristeza e pesar
que tão breve e curto fosse,
segundo era seu cuidar.

O monge para o convento
vagaroso se tornou,
porém, ao chegar all
surpresa grande o tomou.

Mudado tudo já era,
desde a larga portaria
té o frade que a guardava
e agora o não conhecia.

*Pouco ha, d'aqui me parti,
—o bom monge lh'explicava—;
não mais de terça será.
qu'inda agora o sol raiava.

Un pássaro m'entreteve
na mata que d'aqui vedes;
em meu juizo eu estou,
não sou doido, como crêdes.

Em prova do que dizia
os seus nomes declinava
dos mais monges e do abade
que em seu tempo governava.

So então se soube ao certo
que, contados día a día,
dés que o monge se patira
já tres séculos havia.

Aos monges estupefactos
contou o milagre então
e como Deus atendera
sua ardente petição.

Em seguida, presentindo
que da vida o ténue fio
em breve quebrar-se-lh'ia,
os sacramentos pediu.

De feito pouco depois,
sem sentir pena, nem dor,
o bom monge adormecia
na doce paz do Senhor.

Bemaventurados os simples,
felizes os que em Deus creen,
porque esses ainda em vida
na terra já'o ceu veem.

J. J. Nunes.

Professor da Faculdade de Letras de Lisboa.

FOLLAS NOVAS

LIBROS E REVISTAS

"La Flama"

Cou este titulo escomenzou a pbricar en Balaguer (Cataluña) unha nova revista nazonalista moi digna d'alaudo.

Chegou á nosa táboa da Redacción e límola con verdadeiro amore. Todall-as causas semoas da nosa inspirannos fonda sim-pantía e interés.

Un obra teatral

«La Gazeta de Vich» boletín catalanista que lémos sempre, dende fai algúns anos, con verdadeira ledicia, enviounos un exemplar d'unha obra teatral notábel dun dos primeiros culti-vadores do xénero no idioma de Verdaguer.

Aquela obra ten xa un posto na bibioteca da «Irmandade da Fala» xunto cos mais soados libros cataláns que pouco a pouco imos coleicionando. Agradecidos pol-o agasalho ó querido cole-

ga do berce natal de Balmes.

Os galegos en Buenos Aires

O o titulo de «El idioma gallego» temos recebido un exem-plar do folleto que acaba d'imprentar en Buenos Aires Domingo Díaz Estévez.

Este folleto, interesante loubanza da nosa lingua e resposta a xuicios trabucados d'alguns xornalistas hespañoles i-argentinos, esta adicado con moito agarimo á «Irmandade da Fala» da Cruña. Trátase d'un estudo craro e sinxelo e diño de se coñecere do idioma pátrio, cuio cultivo entusiasta e cada un día mais forte e intenso aconsella o irmán Domingo Díaz Estévez.

Muito agradecim-olo exemplar de referencia. E po'-o seu aga-sallo ficamos moi obrigados ó Sr. Díaz Estévez. Que o seu pa-triótico xeito atope novos imitadores. No mais fondo da i-alma levaremos no adiante o nome bento d'aquel nobre irmá galego.

O DIPUTADO POR VEIRAMAR

NOVELA DE GONZALO LOPEZ ABENTE

Esta interesante e modernísima novela en idioma galego, está posta a venda nas principais librerías de Galicia.

Precio, 3 reás.

VÉNDESE:

NA CRUÑA, Administración «A NOSA TERRA», e IRMANDADE DA FALA.—FERROL, Librerías de Comadira e de Gerardo Castro.

EFFECTOS NAVALES

— DE —
FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

F. BERTRAN E MIRANBELL

Vigo e A Cruña

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

Gran H. Universal

Rua da Raina (da Raina) 21-LUGO

O MAIS NOVO E MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de telefono (núm 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Leutores:

Quen queira ter un traxe bo, xeitoso e que lle coste pouco diñeiro, que o faga na Xastrería de

Xosé Varela da Costa

Rúa do Circo, 16—VIGO

LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubins, 22 (Blazar)

J. SOUZA

SUCESOR DE LAFUENTE

SUCURSAL DO DEPÓSITO HIDROGRÁFICO

PAPELERÍA E LIBRERÍA

Ouxetos desquitorio, Dibuxo e Pintura, Postaes, Aparatos de ciencias, Artigos de coiro, Ouxetos pra regalos, Fotogra-bado, Tricomia e Catromia, Osteoloxía, Anatomía, Geoloxía, Historia natural, Grabado,

Cantón Pequeno, 13. A CRUÑA

M. VILLUENDAS

IMPRENTA

IMPRENTANSE TODA CRAS DE TRABALLOS FINOS.
BETANZOS (CRUÑA)

FARMACIA EUROPEA

— DE —

LOPEZ ABENTE

— REAL, 55 —

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego e derradeiros adiantos.

Hotel Continental

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado


A CRUÑA

LLOYD REAL HOLANDES

AMSTERDAN

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Servicio rápido por vapores-correios desde a Cruña e Vigo cada tres semanas.



Línea d'América do Sur

Vapor correo rápido «LIMBURGIA»

Id. id. id. «BRABANTIA»

Id. id. id. «GELRIA»

Línea de Cuba-Méjico e Nova Orleans

Vapor correo rápido «HOLLANDIA»

Id. id. id. «FRISIA»

Id. id. id. «ZEELANDIA»

Admiten pasaxeiros de Primeira, Segunda, Intermedia e Terceira crase.
(A prazas teñen que selicitáranse con anticipación)

Informará sobre precio de pasaxe e cabida

D. Raimundo Molina e Couceiro,—Consinatario na Cruña e Vigo.



COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE
SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

PRÓISIMAS SAIDAS PRA HABANA E VERACRUZ

Prezos do pasaxe (incruídos os impostos)

	Habana	Veracruz
Ponte de paseo:		
Camarotes de luxo	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. exteriores	> 1.668'75	1.753'45
Ponte superior:		
Camarotes exteriores	> 1.498'75	1.593'75
Id. interiores	> 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior	> 1.295'75	1.378'75
Segunda crase	> 1.103'75	1.088'75
Preferencia	> 808'60	798'60
TERCEIRA CRAS.	> 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciarase oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir segadamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Pra toda clas d'informes sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de fete, dirixirse o seu Consinatario.

D. NICANDRO FARIN —Rúa de Compostela, esquina a Praza de Lugo.



Compañía Chargeurs Reunis

Pra os portos de PERNAMBUCO, RIO JANEIRO, SANTOS, MONTEVIDEO e BOS AIRES.

Proisimas saídas por acretados vapores correios a gran velocidade.

Admite pasaxeiros de cámara e 3.^a cras.

Prezo do boleto de TERCEIRA CRASE Pesetas 422'10.—Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia. —De dous a 5 anos, pagan cuarto pasaxe. Maires de 5 anos, mediopasaxe. E arriba 10 anos pasaxe enteiro.

NOTAS INTERESANTES.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chamadas pol-os seus maridos, non poden embarcaren pra BSAIRES si non presentan n'esta Axencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitíndolles o dos embarcaren na REPUBLICA ARGENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorización, nin poderes ante os Consules hispañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que prest ren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da súa familia.

O día da saída anunciarase con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Pra informes dirixirse aos Axentes Xeneraes en Hespaña.

ANTONIO CONDE (Fillos).—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.



COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

Salda do porto da Cruña para Bahía, Río de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires

O día 29 de Outono salra da Cruña o paquete correo

GAROMNA

de 10.000 toneladas, admitindo carga e pasaxeiros.

	Pernambuco	Bahía	Río Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
En primeira crase	Ptas. 1.215'90		1.506'90	1.555'40	1.700'90	1.749'40
En segunda crase	> 894'95		967'70	991'95	1.064'70	1.113'25
En segunda intermedia	> 690'60		690'60	690'60	690'60	690'60

Prezo do pasaxe en 3.^a crase a Brasil, Montevideo y Bos-Aires, (incruídos impostos) Pesetas 422'10

Para mais informes dirixirse aos seus consinatarios:

ANTONIO CONDE (Fillos).—Praza d'Ourense, 2.—A CRUÑA.